

INTRODUCCIÓN

Achegámonos á segunda edición do que demos en chamar *Xornadas de Divulgación do Patrimonio Musical Galego na Universidade da Coruña*. Desde a Aula de Música da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación desexamos expresar a nosa gratitude a todas as persoas que van participar ao longo destes meses nos diversos actos que se programaron. Todas elas forman xa parte dun soño que comezou hai uns cantos anos, cando un equipo de coruñeses entusiastas da música puxo en marcha a Asociación Musical Andrés Gaos, con sede na casa particular dun deles: o benquerido e nunca esquecido amigo Ramiro Cartelle. El é o responsable do meu crecente interese pola obra e a figura do compositor de cuxo pasamento se conmemora este ano o 50.º aniversario. Precisamente por iso decidimos dedicar estas II Xornadas á difusión dunha variada representación da súa obra.

Queremos agradecer moi especialmente a presenza de Andrés Gaos Guillochon, fillo do compositor e pianista, na mesa redonda e na conferencia-concerto que abre este ciclo; el foi quen de gravar as dúas suites para piano tituladas *Aires gallegos* e *Nuevos aires gallegos* e sempre resultou unha peza fundamental na difusión da obra do seu pai.

O labor da Asociación Musical Andrés Gaos puxo a primeira pedra para dar a coñecer, cando menos, parte da obra do noso compositor: falamos da *Sonata para violín e piano* interpretada por Pedro León

e Ricardo Requejo; unha selección de cancións nun recital de María Teresa del Castillo (soprano) e Ramiro Cartelle (piano); a estrea en España da *Sinfonía n.º 2 «En las montañas de Galicia»* por conta da antiga Orquestra da Coruña (filial do Conservatorio), baixo a dirección de Rogelio Groba...

Anos máis tarde chegarían as cancións francesas interpretadas por Conchita Fraga (mezzosoprano) e Francisco Javier Chao (piano) nun formato de conferencia-concerto conducido por Julio Andrade Malde, a quen lle debemos moito tamén pola súa faceta investigadora. E nos últimos tempos, coa creación da Orquestra Sinfónica de Galicia, as interpretacións e gravacións de obras para orquestra de cordas ou sinfónica, e mesmo a recente estrea en versión de concerto da ópera *Amor vedado*.

Tamén cómpre dármoslles as grazas á Real Filharmonía de Galicia; á Orquestra de Cámara Galega; a Joám Trillo, quen alén de dirixir obras orquestrais de Gaos está a levar a cabo un importantísimo labor de dixitalización e edición da súa obra; a Maximino Zumalave, a Florian Vlashi...

É imposible nomearmos todas as persoas e agrupacións que, dentro e fóra de Galicia, se interesan pola obra compositiva de Gaos, da cal podemos dicir que hoxe ocupa un lugar relativamente importante na historia da música. Os anos pasan e as novas xeracións van tomando o relevo. A semente que supuxo o labor da Asociación deu froito e agardamos que os novos tempos abran novos camiños.

Julián Jesús Pérez Fernández
Director da Aula de Música